



<b>Materia</b>	<b>Educación Dixital</b>	<b>Curso</b>	<b>2024/25</b>
<b>Profesora</b>	<b>Manuel Couceiro y Antonio Eiroa</b>	<b>Nivel</b>	<b>3º ESO</b>

### UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN

1ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Dispositivos dixitais e sistemas operativos.</li> <li>● Creación e edición de documentos de texto.</li> <li>● Creación e edición de follas de cálculo.</li> </ul>
2ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Creación e edición de imaxe dixital.</li> <li>● Creación e edición de presentacións dixitais.</li> <li>● Creación e publicación de contidos na rede.</li> </ul>
3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Creación e publicación de contidos na rede.</li> <li>● Pensamento computacional: programación.</li> <li>● Ética e seguridade dixital.</li> </ul>

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Serán os que se recollen no apartado 3.2 da Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia/módulo ao alumnado correspondente.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

#### CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase.

Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores.

Peso no total en cada UD: 100%

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 avaliaciões do curso, virá dada pola media ponderada das cualificaciões das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificaciões de cada unha das 3 avaliaciões do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

Cálculo da nota final:

Nota final = 35% da 1a avaliación + 35% da 2a avaliación + 30% da 3a avaliación

O redondeo no calculo da nota final da avaliación ordinaria será, a partir da cualificación media se as décimas da nota son 5 ou máis, ao número enteiro superior máis próximo e para menos de cinco décimas ao número enteiro inferior máis próximo.

No caso de non poder impartir todas a unidades didácticas da materia, o peso correspondente ás mesmas repartirase de forma ponderada no resto das que si foron impartidas.

### CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos. O alumnado que o precise, deberá realizar tarefas e probas obxectivas de recuperación no ordenador daquelas unidades didácticas que non superase en cada unha das avaliaciões.

A recuperación realizarase por cada unidade didáctica. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificaciões obtidas e seguindo o procedemento establecido.

### PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O alumnado que curse 4º de ESO pero teña a materia de Educación Dixital de 3º ESO pendente de superar, ao

non tela superado no ano anterior deberán de realizar as seguintes actividades :

Realización e entrega periódica, de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.

- Faranse tres probas obxectivas parciais no ordenador, unha por avaliación en datas por definir. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación. Ademais haberá unha proba final.

- Distribúese a materia do curso en tres partes, unha para cada proba parcial.

- Todas as probas serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos.

- Para o cálculo da cualificación da materia pendente, terase a seguinte consideración:

Media aritmética das probas obxectivas parciais realizadas no ordenador 50% da cualificación.

Actividades realizadas ao longo do curso 50% da cualificación.

- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba obxectiva final no ordenador en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

- A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde estea matriculado, fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe ou xefa de departamento quen faga o seguimento.